CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Acta nº 2026/5 da sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación do concello de Muros celebrada o 8 de maio de 2026

Expediente número: 2026/G010/00005

PEGADA DIXITAL: 598063ee905fc7671cff0429b6a6798f69c262d6d2b6fef3bfa8ec9ca3ea83aa

URL: https://www.youtube.com/watch?v=omweuGJCPB0

PERSOAS ASISTENTES:

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE).

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

O SECRETARIO ACCIDENTAL
D. José Manuel Mayo Priegue

CVD: dSVqAKoWTFnGj7YJVWBH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- Instar á Alcaldía do concello de Muros a acatar a sentenza, cesando de inmediato a conduta vulneradora.

SEGUNDO.- Instar ao concelleiro de servizos sociais a que presente a súa dimisión inmediata, en base á gravidade dos feitos declarados probados na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

TERCEIRO.- De continuar como concelleiro, instar á Alcaldía a que se lle retiren as competencias delegadas que ten outorgadas.

CUARTO.- Reprobar formalmente a actuación política da Alcaldía e do concelleiro de servizos sociais pola adopción de decisións que derivaron nunha vulneración de dereitos fundamentais dunha traballadora municipal, e por non adoptar as medidas de prevención necesarias.

QUINTO.- Que unha vez se lle dea cumprimento á sentenza, o concello exercite contra o concelleiro a acción de regreso, segundo o disposto no artigo 36 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, e previo o procedemento que corresponda.

SEXTO.- Dar traslado do presente acordo aos delegados sindicais e comité de empresa, ás organizacións sindicais con representación no concello e á cidadanía para o seu coñecemento

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo ás 10:00 horas, do día de referencia, reúnense en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

PRIMEIRO.- Instar á Alcaldía do concello de Muros a acatar a sentenza, cesando de inmediato a conduta vulneradora.

A Sra. alcaldesa dálle a palabra a Sra. Monteagudo que explica o exposición dos motivos deste pleno extraordinario

1. Que ante a negativa da Sra Alcaldesa de incluír na orde do día do pleno ordinario do mes de abril de 2026 a moción presentada pola portavoz do Grupo Popular e o concelleiro de Muros Centrado, solicitamos a convocatoria dunha SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO para debater e votar a reprobación da Sra Alcaldesa e do Sr Concelleiro de Persoal e Servizos Sociais.

2. Nestes días coñecemos a sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de GaliciaSala do Social na que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: dSVqAKoWTFnGj7YJVWBH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

se declara a vulneración do dereito fundamental á integridade física e moral dunha traballadora municipal, condenando ao Concello de Muros á cesación da conduta vulneradora, e a reparación dos danos, co abono dunha indemnización en concepto de danos morais.

3. A condena ven imposta ao considerar a sala acreditado que o concelleiro de servizos sociais do concello de Muros enviou á traballadora demandante a entrar na casa dun toxicómano que residía nunha vivenda de titularidade municipal, o que supuxo para a traballadora un risco grave, e todo elo carecendo o concello das medidas de prevención necesarias.

4. Declara tamén a sentencia que tampouco houbo cumprimento das medidas a posteriori, xa que foi a propia inspección de traballo a que insta ao concello a realizar un plan de prevención de riscos psicosociais.

5. Poñer a traballadora nesa situación de risco grave e inminente para a súa seguridade e física e mental supón unha infracción moi grave recollida nos artigos8.11 e 12 da LISOS (Lei sobre infraccións e sancións na orde social).

Polo que, no exercicio dos nosos dereitos, SOLICITAMOS:

A convocatoria do pleno extraordinario e a inclusión na orde do día dos seguintes puntos:

Primeiro.- Instar a Alcaldía do concello de Muros a acatar a sentenza, cesando de inmediato a conduta vulneradora.

Segundo.- Instar ao concelleiro de servizos sociais a que presente a súa dimisión inmediata, en base á gravidade dos feitos declarados probados na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Terceiro.- De continuar como concelleiro, instar á Alcaldía a que se lle retiren as competencias delegadas que ten outorgadas.

Cuarto.- Reprobar formalmente a actuación política da Alcaldía e do concelleiro de servizos sociais pola adopción de decisións que derivaron nunha vulneración de dereitos fundamentais dunha traballadora municipal, e por non adoptar as medidas de prevención necesarias.

Quinto.- Que unha vez se lle dea cumprimento á sentenza, o concello exercite contra o concelleiro á acción de regreso, segundo o disposto no art. 36 da Ley 40/2015 de réxime xurídico do sector público e previo o procedemento que corresponda.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos delegados sindicais e comité de empresa, as organizacións sindicais con representación no concello e á cidadanía para o seu coñecemento

(…)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, obténdose o seguinte resultado: votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1); votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal do PSOE (2); e abstención do concelleiro Sr.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: dSVqAKoWTFnGj7YJVWBH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Damián Torea García (1), producíndose un empate na votación

Repetida esta, de conformidade co disposto no artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, obtívose o mesmo resultado, polo que decide o voto de calidade da Alcaldesa, quedando rexeitada a proposta.

SEGUNDO.- Instar ao concelleiro de servizos sociais a que presente a súa dimisión inmediata, en base á gravidade dos feitos declarados probados na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

(…)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, obténdose o seguinte resultado: votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1); votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal do PSOE (2); e abstención do concelleiro Sr. Damián Torea García (1), producíndose un empate na votación

Repetida esta, de conformidade co disposto no artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, obtívose o mesmo resultado, polo que decide o voto de calidade da Alcaldesa, quedando rexeitada a proposta.

TERCEIRO.- De continuar como concelleiro, instar á Alcaldía a que se lle retiren as competencias delegadas que ten outorgadas.

Durante o debate deste punto, e segundo consta no minuto 84 da gravación incorporada á acta multimedia, a Sra. Alcaldesa realiza unha primeira chamada á orde á Sra. Monteagudo.

Posteriormente, no minuto 88 da gravación incorporada á acta multimedia, a Sra. Alcaldesa realiza unha segunda chamada de atención á Sra. Monteagudo e unha primeira chamada de atención á Sra. González.

(…)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, obténdose o seguinte resultado: votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1); votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal do PSOE (2); e abstención do concelleiro Sr. Damián Torea García (1), producíndose un empate na votación

Repetida esta, de conformidade co disposto no artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, obtívose o mesmo resultado, polo que decide o voto de calidade da Alcaldesa, quedando rexeitada a proposta.

CVD: dSVqAKoWTFnGj7YJVWBH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CUARTO.- Reprobar formalmente a actuación política da Alcaldía e do concelleiro de servizos sociais pola adopción de decisións que derivaron nunha vulneración de dereitos fundamentais dunha traballadora municipal, e por non adoptar as medidas de prevención necesarias.

Durante a intervención neste punto, e segundo consta no minuto 107 da gravación incorporada á acta multimedia, a Sra. Alcaldesa realiza unha terceira chamada á orde á Sra. Monteagudo, procedendo á súa expulsión da sesión. Tras a súa saída, o resto dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular abandonan voluntariamente o salón de plenos.

(…)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, e o Pleno da Corporación obtén o seguinte resultado: votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1); votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal do PSOE (2); e abstención do concelleiro Sr. Damián Torea García (1), polo que resulta rexeitada a proposta.

A continuación, e antes de seguir co pleno, faise un receso de 5 minutos a petición do Sr. Álvarez

QUINTO.- Que unha vez se lle dea cumprimento á sentenza, o concello exercite contra o concelleiro a acción de regreso, segundo o disposto no artigo 36 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, e previo o procedemento que corresponda.

(,,,)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, e o Pleno da Corporación obtén o seguinte resultado: votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1); votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal do PSOE (2); e abstención do concelleiro Sr. Damián Torea García (1), polo que resulta rexeitada a proposta.

SEXTO.- Dar traslado do presente acordo aos delegados sindicais e comité de empresa, ás organizacións sindicais con representación no concello e á cidadanía para o seu coñecemento

(…)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, e o Pleno da Corporación obtén o seguinte resultado: votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1); votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal do PSOE (2); e abstención do concelleiro Sr. Damián Torea García (1), polo que resulta rexeitada a proposta.

Sendo ás 12:20 horas do día 8 de maio de 2026 a Sra. Alcaldesa procede a levantar a sesión, de todo o que eu como secretario dou fe.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/00005 e identificado pola pegada dixital:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: dSVqAKoWTFnGj7YJVWBH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

598063ee905fc7671cff0429b6a6798f69c262d6d2b6fef3bfa8ec9ca3ea83aa

O vídeo gravado durante a sesión está incorporado ao expediente, asemade, está dispoñible para o público na URL: https://www.youtube.com/watch?v=omweuGJCPB0

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015 e no artigo 109 do ROF, as intervencións producidas durante a sesión constan incorporadas á acta multimedia vinculada ao expediente electrónico, limitándose a presente acta á consignación dos extremos esenciais, acordos adoptados e resultados das votacións

O secretario accidental.

Documento asinado electronicamente polo secretario accidental e pola alcaldesa

CVD: dSVqAKoWTFnGj7YJVWBH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)